

A forte polémica orixinada no seu día como consecuencia da decisión da empresa automobilística SEAT de manter a denominación "Arosa" para un dos seus modelos de coche, a pesar das peticións que se lle formularon para que respeitase a nosa toponimia, mantén-se viva na actualidade en relación cos nomes oficiais dos clubs de fútbol da nosa comarca que aínda manteñen as formas castellanizadas "Arosa" e "Villalonga"; nada mudou de momento a pesar da solicitude de cambio que lles formulamos numerosas persoas mediante o envío de tarxetas postais baixo a lenda *Fútbol galego*. *Quen está fóra de xogo?*, dentro dunha campaña promovida pola Mesa.

No marco desa campaña reivindicativa, e ao mesmo tempo de sensibilización cidadá, encamiñada á recuperación do uso correcto dos nosos topónimos, cabe situar tamén os artigos de opinión que se foron publicando nas edicións de Arousa, sección de deportes, dos xornais *Faro de Vigo* e *La Voz de Galicia* durante a última parte da tempada pasada. Polo interese que, ao noso entender, presentan estes textos, reproducimo-los neste primeiro boletín da zona do Salnés.

Fútbol galego QUEN ESTÁ FÓRA DE XOGO?



C. D. Ourense



C. D. Xove-Lago



Viveiro C. F.



Ponte-Ourense C. F.



Coruxo F. C.



C. X. Sanxenxo



Villalonga F. C.



Arosa S. C.

Long Town Blues Again

Ramón Caride Ogando

"Tu amigo Mr. Smith, inglés o yanqui, yo no lo sé, se subleva cuando escribes shell. (Parece que ahorras una ele, y que además pronuncias chel). Bueno, ¿y qué? Cuando te toque a tí, mándales decir cacarajícara, y que donde está el Aconcagua..."

Nicolás Guillén

¿Haberá que repetir outra volta a estas alturas da historia, fin de milenio e demais, que non hai linguas bonitas e feas, senón linguas hexemonizadas e linguas minorizadas, según e onde? ¿Paráronse a pensar por poñer un exemplo —e por aí vén a cita do comezo— os que prefiren as formas Villagarcía, Villajuán, Villanueva ou Villalonga, fronte ás de Vilagarcía, Vilanova, Vilaxoán e Vilalonga, que a súa verba *villa* tan amada sóalle moi fea a millóns de hispanofalantes anglófilos que a mudan a cotío por *town*, forma moito máis fermosa e belida, seica, por idénticas razóns que as que eles aducen? Xa postos, ¿por qué non utilizar nomes máis actualizados como *Villalarga* ou, mellor aínda, *Long Town*, que ademais soa ó Far West?

É triste ter que seguir loitando polo evidente, mais é peor sucumbir á liturxia do costume, sobre todo cando xa non hai argumentos nin fé para sustentala. A *nosa* toponimia, subliño o de nosa, foi deturpada pola presión asimilacionista do castelán, queiras non queiras, durante moito tempo; pero recurrir hoxe á comodidade ou o costume para xustificar —¿ante os ollos de quén?— híbridos malsoantes e cacofónicos como os anteditos é tirar pedras contra o noso propio tellado. Se non recoñecemos os nosos propios nomes nós mesmos, ¿como podemos esperar que os allos valoren os seus contidos? Unicamente se nos valoramos como o que somos, homes e mulleres singulares e depositarios dunha variante cultural labrada por nós mesmos no noso chan no decurso da historia, sere-mos quen de aportar esta singularidade ó mundo, a este mundo da cultura aberta e global que se nos vén enriba.

Isto semella tan nidio e tan de senso común que dá mágoa ter que repetilo, pero ás veces un pequeno esforzo marca a diferenza entre a mudanza e a renuncia, e moito nos tememos que este pode ser agora o caso. A Mesa pola Normalización Lingüística está a desenvolver unha campaña para o uso correcto —¿haberá que recordar que é ademais o único uso legal?— dos topónimos da Arousa, comezando polos clubes de fútbol "Villalonga" e "Arosa", para que volvan ós seus nomes reais, como antes xa o fixeron clubes de categoría superior como o Ourense ou o Compostela. É triste ter que seguir pelexando, nesta altura, polo evidente, mais é necesario. Se a nosa cultura e a nosa identidade teñen algunha importancia, e certamente a teñen, mal que lles pese ós partidarios de *Long Town*, non deberíamos seguir estando fóra de xogo, tampouco no nome das nosas equipas. Poñámonos proféticos: os nomes da terra serán os nosos ou non serán.

De Arou a Arousa

Rafa Villar

Arou é un pequeno lugar da xeografía galega, non lonxe doutro se cadra máis coñecido: Camelle. Ambos pertencen ao concello de Camariñas, ou sexa, en plena Costa da Morte. Arou é sobre todo unha fermosísima enseada e unhas chalanas baténdose co bravo mar. Esa foi a imaxe que me quedou gravada a primeira vez que estiven alí e é tamén a imaxe que me apetece seguir tendo. E por moitos anos.

Por iso que de Arou coido que nunca, ata hoxe, reparara demasiado no nome. Nen sequera me preocupou de qué etimoloxía procede ou o que significa, se é que debe significar algo máis do que é para nós, para a nosa memoria persoal e colectiva, este lugar. Así e todo, a min a palabra Arou sempre me tivo un eco a arao, ou arau, esa especie de pato que se mergulla nas augas do mar e que non é infrecuente ver polas nosas costas.

Mais hoxe si reparei no nome. Fixeno porque o relacionei con Arousa, por identidade fónica, porque me soan moi semellantes aínda que sei que ambos os nomes proveñan de palabras moi diferentes, que, por cousa deses antollos que teñen as linguas, viñeron achegándose e parecéndose cada vez máis. Arou, Arousa. E seguiron evoluíndo, xa que así se conforman os idiomas, modificándose e cambiando, por vontade nosa, das e dos falantes galegos, dos de hoxe e das xeracións que veñan.

O que non vale é que queiran torcer o rumbo da nosa historia lingüística e con ela a dos nosos nomes de lugar. Non vale que unha lingua máis poderosa se sirva do seu dominio e tente esmagar ás outras linguas. Non vale que os falantes desa lingua poderosa nos queiran impoñer os nosos nomes. Non vale terxiversar a historia. Non vale. Non.

Arousa é Arousa, como Arou é Arou, porque existiu unha vontade colectiva de que fose así, vontade que viu pasar soles e lúas, veráns e primavera, e que nos trouxo eses dous nomes. Pronuncialos é sentir que a lingua está viva hoxe, que é presente e futuro, pero tamén que vén traída pola singradura da historia. Antes que agora, outros galegos e galegas viñeron gardando os nomes, dicíndoos, pronunciándoos, para nós, para que hoxe os repitamos son a son, sílaba a sílaba, e sexamos quen de entregármolos ao mañá, ao futuro. Con todas as letras, con todas as sílabas: Arou, Arousa... e tantos e tantos nomes que nos veñen facendo.



Co Idioma non se "xoga" ...

AROUSA nome de Lei

Xosé Lois Leirós Gude*

Meus queridos amigos da Xunta Directiva do clube Arousa:

Quero expresar publicamente, sen ánimo de polemizar, a decepción que me provocou a vosa decisión negativa, contraria á normalización do nome AROSA por AROUSA clube de futbol da nosa vila. Non ten nengunha lóxica que vostedes que viven nunha Nación con idioma propio o desprecien —e nunca mellor dito— tan deportivamente, cometendo un erro que segundo o meu punto de vista raia no desprezo.

Na Galiza, como en calquera outro país do mundo, temos casi de todo, como por exemplo unha equipa de futbol, e entre outras cousas tamén temos "un idioma", o mesmo que Castela, Catalunya ou Euskadi, e somos milleiros de homes, mulleres e nenos de a pé, e organizacións culturais, deportivas, sociais e políticas e mesmamente A MESA pola Normalización Lingüística —ou sexa unha inmensa maioría— os que tratamos día a día de defendelo, despois de tantos anos de colonización lingüística.

Esta lamentable decisión, nunha cuestión de tanta importancia para a normalización da nosa toponimia, nunha Asemblea de dubidosa legalidade —noticia difundida polos medios de comunicación— por cometerse unha serie de irregularidades na convocatoria da mesma, é motivo máis que suficiente para pensar que se debería convocar outra Asemblea, coa intención decidida de normalizar o nome do noso clube, para que dunha vez por todas consigamos, entre todos, facerlle xustiza á aldraxada toponimia deste noso país.

O idioma galego non é unha variante do castelán. Na Galiza existe, como lles dicía anteriormente —e moi ben saben vostedes— unha Lei de Normalización Lingüística que debemos de respectar, pois trata de establecer uns criterios únicos para expresarse na lingua escrita e na oral, para que tódolos nomes toponímicos, caso do noso querido Clube AROUSA (?) SEXAN ESCRITOS EN GALEGO.

E quero rematar lembrándolles unha vez máis meus queridos señores da Xunta Directiva que

*Co Idioma non se xoga...
AROUSA é o NOME DE LEI.*

Moitos éxitos deportivos.

* Xosé Lois Leirós Gude é ex-xogador do "Alfonso XIII", Arousa Xuvenil e Arousa SC.

Sen Nome

Camilo Franco

O colectivo de *balompié* que ten o campo en Vilagarcía acaba de desaparecer. Posiblemente, nin os directivos dese novo equipo recién fusionado, nin os asemblearios que suicidaron o nome do colectivo, saiban que cando a unha cousa se lle quita o nome, esa cousa desaparece. En fin, que xa non hai equipo en Vilagarcía.

Meu pai dicía que hai que lle chamar ás cousas polo seu nome e que tal disposición favorece moito o entendemento entre as persoas. Tampouco se entenderán os do colectivo de *balompié* porque xa non teñen nome.

Aínda así, ó tomar a decisión sen contar coa posición do equipo no campo, na área xeográfica da que procede, ignorando a toponimia e a historia, seguramente, toman a decisión pensando que o tradicional é deixar ó equipo cun grupo de letras que, ata agora, non significa nada.

Hai que supor que perderán máis partidos, porque xa se sabe que os xogadores e os entrenadores —segundo din— se motivan máis cando representan a unha poboación ou a unha comarca. Agora non representan nada, agás que inventen un estado con ese nome de coche e monten unha república. Pero á OTAN non lle gustaría.

LIBRERIA
Limiar

rúa cervantes, 5
teléf. 986 50 75 66
vilagarcía de arousa

LIBROS PRENSA TEXTOS
PAPELERIA PUZZLES REGALOS

LIBRERIA **RAMON CABANILLAS**

PAPELERIA
MATERIAL DE OFICINA
OBJECTOS DE AGASALLO
REVISTAS E PERIÓDICOS
FOTOCOPIAS E ENCADERNACIÓNS
PLASTIFICACIÓNS
FASCÍCULOS COLECCIONABLES

R. Hospital, 40 • Tel. 986 54 29 52
CAMBADOS




A rúa «Héroes del Alcázar», a Baldosa e o Arousa

Manuel Millán Vázquez

Moita xente se preguntará por que escribo este pequeno comentario, non me atrevo a chamalo artigo entre outras cousas porque nin eu son periodista, nin tampouco pretendo que estas palabras sexan tratadas como algo periodístico, pero é importante falar delo.

Antes de nada gustaríame dicirlle ós socios do «Arosa» que por min poden chamarlle ó clube como lles dea a gana, eles son os socios e eles son os que pagan os recibos, mentres eu nin son socio, nin pago nada, e nin sequera me gusta o fútbol; pero, mira ti, que neste problema temos algo en común, non só porque esta sociedade privada representa ó meu pobo, cando xoga na Lomba ou fóra dela, senón porque aquí temos un idioma propio.

Coñezo a moita xente que ten a impresión de que a utilización do noso idioma, o galego, é un capricho duns poucos que o único que queren é amolar. Cando escoito isto recordo que de pequeno eu cría nos Reis Magos, e cría neles porque a xente da miña enteira confianza, non só os meus pais, dixéranme que eses fantásticos señores vestidos con roupaxe exquisita e tan xenerosos cos regalos, non sempre, que eu vía desfilar polas rúas do meu pobo cada cinco de xaneiro eran de verdade.

Non tiña por que dudar de que isto era certo, e desde logo non o facía. Co galego pasoume algo parecido; desde pequeno escoitei que non era un idioma, que era unha fala vulgar, que os únicos que o falaban eran os incultos, e que un rapaz ben educado non debía falalo.

A vida, como co conto dos Reis Magos, ensinoume outra cousa, ensinoume que hai moitos anos, alá polo mil douscentos e pico, un rei castelán chamado Alfonso X e alcumado O Sabio, fixo unha importantísima escolma de cantigas adicadas a Santa María, unhas cantigas neste idioma, o galego, que era empregado mesmo polos seus nobres.

Ensinoume que xente nada sospeitosa de vulgaridade ou incultura como é o caso de escritores como Castelao, Eduardo Blanco Amor, Vicente Risco, Eduardo Pondal, ou ese andaluz universal que foi Federico García Lorca, xunto cun longuísimos etcétera, o empregaban na súa fala e/ou nos seus escritos.

Ensinoume que primeiro foi esta fala “vulgar e inculta” a que nos servía para entendemos.

Co paso dos séculos, moitos esquecemos esta primeira realidade e crecemos crendo nos Reis Magos.

Hai unha rúa en Vilagarcía que tivo por nome oficial “Héroes del Alcázar”; cando vivía e xogaba alí de neno sabía deste nome porque así aparecía no enderezo dos sobres de correo e porque algúns chamábanlle así, pero para moita xente, para min mesmo, sempre foi A Baldosa.

Hoxe é o seu nome oficial...

¿Pasará esto mesmo co nome do club?

Volver á Lomba

Carlos Blanco

LEMBRO os primeiros partidos de fútbol que vin na miña vida. No campo da Lomba, con meu pai. Levábame a min, ben pequeno, e levaba un farías que acendía nada máis sentar na grada. Aquel arrecendo encantábame. Para min o fútbol cheira a farías, a moitos puros prendidos no campo da Lomba un domingo pola tarde.

Tamén lembro un dos regalos de Reis que máis me gustou na miña vida. Era unha camisola do Arousa que me botaran e que conservei ata que o corpo, pouco a pouco, foi pedindo máis talla.

Lembro a Petelas, a Javier, a Gómez, ós irmáns Coira, a Miguel, a Jiménez, a tantos bos xogadores que vin nese campo coa camisola branca e vermella igual á miña.

A verdade é que nunca fomos unha afección moi animosa. Animabamos ós nosos cando xa gañaban. Poucas veces cando as cousas ían mal.

Berrábaselle moito ós árbitros. Lembro un. Faltáballe un brazo e alguén, desde a grada, logo dun erro que tivo, berroulle a este: «habíache falta-la cabeza». O árbitro manco mirou horrorizado para o increpante.

Tamén na Lomba asistín a un dos feitos máis increíbles da miña vida como afeccionado futbolístico. Lembro un partido no que o Arousa estaba empatado a cero goles. Xogaban os Coira na dianteira. E o árbitro era de Catoira, coma eles. Chamábase Marcelino.

Non sei como, pero de súpeto toda a Lomba comezou a berrar MAR-CE-LI-NO, MAR-CE-LINO. ¡Estabamos animando ó árbitro! E o árbitro respondeu. Narciso Coira pasoulle a Carlos, Carlos devolveulle a pelota ó seu irmán, o pequeno dos Coira entrou na área, caeu e zas: penalti. Marcouno Carlos Coira e gañamos un cero.

Nunca máis na miña vida vin nada semellante. Non foi xusto, pero foi bonito.

Lembro aquel berro compasado co que animabamos ó equipo cando gañaba. Aquel A-ROSA, así, acentuado no «a» final, que a min nunca acabou de me convencer.

Agora, pasados os anos e instalado xa comodamente na lingua dos meus pais e os meus avós, penso que me prestaría volver á Lomba, ver xogar ó meu equipo de sempre, e berrar A-ROU-SA con forza. E regalarlle o meu fillo, polos Reis, unha camisola do seu equipo. Vermella e branca. Arlequinada.

Como as dos mozos que ve xogar na Lomba cada domingo cun cheiro a farías que a el lle gusta case tanto como a min. ¡Ala, Arousa!



¿Villalarga? ¿Aruesa? Síndrome de Estocolmo

Fina Casalderrey

Non hai moito, por medio dunha amizade común, veume ver unha parella de arxentinos. El, xornalista de prestixio e neto, por liña paterna, de galegos emigrados a principios de século, era a primeira vez (en corenta anos) que viña a Galicia. Ela, recoñecida escritora indíxena, visitaba Galicia na procura de datos sobre os pazos e a época que representan, para ambientar a súa última novela.

Ámbolos dous falaban un galego excelentemente correcto.

—Para min é a lingua do amor, a que me une ás miñas orixes, á terra e mais ás xentes —diciame ó se decatara da miña admiración pola súa actitude.

—E eu aprendino polo contaxio do seu entusiasmo e tamén porque quero que os nosos fillos o reciban en herdo —aclarou ela.

A conversa derivou na actitude, pouco comprensible para eles, de moitos galegos e galegas que, sen se mover do país, rexeitaban o único patrimonio que ninguén nos pode roubar se non queremos, a lingua.

A todo isto, pedíranme intervención para visitaren algúns pazos por dentro. Comezamos polo da Buzaca, en Moraña (por aquilo de que levo máis de dúas décadas exercendo a docencia nesa localidade). De camiño continuamos coa mesma teima: a diversidade cultural dentro da aldea global, a ocultación que borrou os nomes auténticos, o acomodaticio de moitas actitudes absurdas que, sufrindo o “síndrome de Estocolmo”, déixanse ir sen se facer preguntas ...

—Xa as denunciaba o P. Sarmiento no seu tempo —diciánme.

—Pero é que hoxe aínda están menos xustificadas ...

Nunha animada conversa chegamos ó Pazo da Buzaca. A escritora sacou a súa libreta de notas e comezou a beber con tódolos sentidos cada detalle, cada recuncho, cada planta do xardín, as cabalerizas, a enorme adega, a cabana, a cociña ... Tiña obsesión por recoller os nomes auténticos, os da terra. A súa formación en todo o que tiña relación con Galicia era tal que non puideron evitar sentir aprecio polos seus coñecementos e, sobre todo, polo seu convencemento.

Isto é tan certo como que o teño compartido con xente nova cando, nun coloquio, xorde o tema da identidade. E non hai moito, estando de visita nun colexio, volveu emerxer e un neno, con ese ollar misterioso de quen abre as portas do mundo por primeira vez, e coa súa consabida lóxica capaz de mesturar inxenuidade e tenrura, ou mesmo enxeño e crueldades comezou a analizar incongruencias de nomes como Villalonga, Arosa ...

—Para iso ... ¿por que non lle chaman “Villalarga”? E “Aruesa” que queda moi “fino”.

Todos riron a gracia, eu tamén, mais non puideron deixar de experimentar un certo remorso por ser tan adulta e contradictoria.

Nome propio, voz propia, vida propia

Henrique Harguindey Banet

Ter nome propio é o mínimo para as persoas. É a proba da súa existencia. De ser alguén.

Todos lembramos un coñecido episodio da Odisea no que Ulises engana ao ciclope Polifemo dicíndolle que se chama “Ninguén”. Cando Ulises cega ao xigante dun só ollo (pois pretendía devoralo a el e aos seus compañeiros) Polifemo dilles aos outros ciclopes, alertados polos seus berros, que *Ninguén* quere matalo. Así non o axudan, e Ulises e os seus danse salvado.

O nome propio é fe de vida. Expresión de realidade. Ter nome propio é o primeiro paso para nos recoñecermos nós mesmos e para que os outros poidan recoñecernos. Para contarmos con voz propia.

As xentes, os lugares, os países, temos os nosos propios nomes que nos distinguen e nos singularizan fronte aos demais. Porque todos somos diferentes. Pero a diferenza non implica desigualdade. Polo contrario, a diferenza, a voz propia e a variedade implican riqueza, implican respecto e harmonía, implican tolerancia e solidariedade.

Xa Rosalía se preocupaba no seu tempo por como non debía chamarse Galicia. E agora, a cuestión —que nunca deixou de estar de actualidade— volve presentarse. Porque Galicia non se chama “olivo”. non se chama “aceite” non se chama “Mediterráneo” Galicia chámase “peixe”, chámase “leite”, chámase “Atlántico”. Por moito que algúns, en Bruxelas ou en Madrid, neguen o noso nome, a nosa existencia e o noso dereito a unha vida igual de digna que a dos demais.

Reivindicar os nosos nomes non é só reivindicar o noso pasado. É tamén, e por riba de todo, reivindicar o noso futuro.

E os nosos nomes son, poño por caso, *Vilaboa*, *Vilanova*, *Vilagarcía* ou *Vilalonga* e non *Villabuena*, *Villanueva*, *Villagarcía* ou *Villalarga*.

Porque para nós, os galegos, a única “billa” que existe é a chave que lle dá paso á auga dunha tubería, ao viño dun pipo ou a calquera líquido dun depósito.

Ou a que lle dá paso á produción e á vida.

Esa billa que algúns pretenden pecharnos.



Arosa S.C.: o carril contrario

Manuel González Seoane

O asunto este do nome do noso equipo de fútbol ten —como diría aquel— varias lecturas. Vostedes permitiranme que eu elixa a vertente humorística, sen por iso apartarme da seriedade que á cuestión se lle vén dando ultimamente. E é que a min, así, de pronto, todo isto lévame a pensar nun chiste —tan vello como calquera outro— que intentarei referirilles.

Trátase dun conductor que, debido a un erro dos que lle poden custar a vida a moita xente, métese co seu coche na autoestrada polo carril contrario. O alcohol tivera bastante que ver na devandita equivocación. Os primeiros automobilistas cos que se cruza, ó tempo que conseguen esquivalo con algunhas dificultades, lánzanlle sinais coas luces e toques de bucina prolongados que o noso home non acerta a comprender, entretido como vai coa radio a todo volume e mergullado na preocupación de que o seu auto non se desvíe da liña central da estrada.

Despois dalgúns quilómetros nos que ducias de coches se ven obrigados a facer as máis inverosímiles manobras para non esnafrarse co coche daquel desapreensivo, a emisora comarcal de radio, avisada pola policía que vixía no seu helicóptero, transmite unha mensaxe de última hora ós conductores: "...situación de máxima alerta na autoestrada. Un conductor circula co seu vehículo en sentido contrario poñendo en perigo a propia vida e a de todo os usuarios que circulan pola mesma..."

O despistado, que acaba de oír a mensaxe, segue como se nada pisando o acelerador ata o fondo á vez que comenta a berros: ¿Un? Se fose un só... ¡¡Veñen polo carril contrario a centos!!

E agora explico a relación coa cuestión principal deste arti-

go. Se se decatan, no tocante a isto do idioma, e con moitos esforzos e non poucas incompreensións, entre todos e todas, vimos recuperando territorios lingüísticos que foron espoliados desde hai anos —¿tal vez séculos?— coa intención de desprovornos dun dos trazos máis identificadores dun pobo: a nosa toponimia. Xa, por fin, o camiño endereitouse, e dicimos —e di a lei— Caldas de Reis, Sanxenxo, Xiabre, Vilanova, A Laxe, A Xesteira, Faxilde, O Sixto, Rianxo, Pazo de Fefiñans...

Cando poñemos o remite nas cartas que enviamos, escribimos "Vilagarcía de Arousa" —animoos a que proben— sen risco de perdela na viaxe de volta, caso de non atoparen o seu destino. Parece que por fin imos pola senda correcta. Así o pensaron tamén, e xa entramos de cheo no asunto, todas as persoas grazas ás cales hoxe temos equipos de fútbol que se chaman Ourense, Coruxo, Ponte, Viveiro, Xove-Lago, Carballiño, Endesa-As Pontes, A Peroxa, Xermade, O Iri-xo, Xuño, Vilatuxe, Faxilde, A Bola...

Buscando as similitudes co chiste, como xa intúen vostedes que pretendía facer, diría que por fin se deixa ver o carril correcto e adecuado, legal e lexítimo, compartido e mesmo consensuado, froito do sentido común, que para algo ten que valer a Historia máis que para suspéndela.

Volvendo co conto —e perdoen a insistencia pero é que a cousa ten o seu lado humorístico—, ¿pensará o que circula en sentido contrario que somos "os outros" os que non actuamos con coherencia? Pois sigamos coa broma, que é de balde: ¿a que non adviñan a marca e o modelo do coche que se meteu polo carril contrario? ¿E o nome da emisora que deu a noticia? Hai coincidencias que fan pensar a un. En serio.



A Rosa S.C., un equipo simbólico

Paco Veiga

Acompáñenme se queren, porque nas seguintes liñas imos falar —con brevidade, prométollelo—, dun equipo de fútbol simbólico que representa, na Terceira División galega, a unha das vilas máis importantes do país.

O do simbolismo venlle dado a este equipo desde tempo atrás. Seica daquela por algures lanzárase a idea —unha desas peregrinas ideas de xente á que lle sobra o tempo e lle bule a cabeza— de tentar recuperar para a vila en cuestión o seu nome de sempre, un nome que disque viña desde a noite dos séculos e que nalgun momento dado fora trocado por outro inventado por algún chupatintas con pouco siso. Por certo que, vaian vostedes a saber se daquela houbera tanto debate sobre a cuestión ou se, simplemente, as cousas viñeran dadas sen máis contemplacións por parte de quen mandaba.

Pois ben, o topónimo en cuestión fora recuperado sen máis debate porque os veciños da tal vila se sentían —a pesar dos séculos— identificados con aquel nome antigo, co verdadeiro nome do seu lugar. Cando este nome verdadeiro fora usurpado, sen embargo, aínda non existía o fútbol como tal fútbol, e naquela plácida vila mariñeira non existía tampouco un equipo que a representase. Así é que, á hora de recuperar o topónimo, a iniciativa non abrangueu ó equipo local, porque —claro— este sempre usara o nome errado.

Presentábase, logo, un dilema. Os responsables fut-

boleiros locais tiñan que decidir entre unha destas tres opcións. Unha: O equipo debía conservar o topónimo inventado por aquel confuso funcionario.

Dúas: O equipo debía recuperar —de acordo co que sucedía na vila— o topónimo real da localidade.

Tres: O equipo debía cambiar de nome para evitar problemas e disputas que non viñan a conto.

A terceira das opcións foi a escoileta. En efecto —e digámolo xa—, o equipo representante da moi nobre e antiga vila denominada *Vilagarcía de Arousa*, esqueceu o seu acastrapado nome de *Arosa S.C.* para chamarse, desde entón, *A Rosa S.C.*

Os parabéns viñeron de todas partes. Non só se evitaron liortas, dixome-dixomes e ríos de tinta innecesarios senón que o propio equipo se converteu nun club simbólico porque, practicando e promovendo un deporte tan agresivo e violento en ocasións, a referencia á flor encarnada dáballe un toque de distinción, de romanticismo, e ata un certo aire bucólico a todos os seus integrantes, desde o mesmísimo presidente ata o último dos seus socios, pasando, naturalmente, pola súa máis que estimable escuadra de xogadores.

Claro que, nunca chove a gusto de todos, e alguén houbo que afirmou que, no canto de *A Rosa S.C.*, se lle debería ter posto *O Caravel S.C.* ou mesmo *A Camelia S.C.*, por ser estas, segundo parece, manifestacións vexetais máis comúns na comarca en cuestión. Claro que, descontentos haos haber sempre, e non é cousa de darlles moito creto, porque a idea foi ben meditada, e ben decidida está.

